



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRECE DE XUÑO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos do día trece de xuño de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000000387 de dona Guadalupe García Cebeiro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 50 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Tomonde nº 14, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentos dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#)



2.2.- Instancia núm. 201300000000682 de dona Lucía Silvoso Albela.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a canalización para paso de augas entre fincas, cruzando un vial municipal, no lugar de Cubelas.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Procederase á reposición do pavimento levantado. Deberase realizar unha base de formigón H-150 de polo menos 30 cm. de espesor e unha capa de rodaxe de 8 cm. de espesor de mestura bituminosa en quente, tipo D-12, previo rego de imprimación, con 0,6 kg/m² de ECR-1. Tomaranse as medidas necesarias de precaución e sinalización na execución das obras, responsabilizándose de posibles danos a terceiros, tanto durante a execución, como despois dela.

2º.- Autorízase a apertura da vía municipal debendo deixala nas mesmas condicións nas que estaba; a tales efectos deberá depositar nas dependencias municipais, previo ao inicio das obras, unha fianza por importe de cen (#100,00#) euros para responder da reposición da vía municipal. Tamén deberá realizar a parte da obra que afecta á vía no máis breve tempo, adoptando as medidas de sinalización oportunas de cara a causar o menor prexuízo a vehículos e persoas.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 201300000000696 de dona Raquel Fernández Castiñeiras.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, situada en Vilarpiñeiro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, de acordo coa memoria presentada.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e catro euros con noventa e nove céntimos (#194,99#).



2.4.- Instancia núm. 201300000000695 de don José Manuel Carrera Bahamonde

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerre con pedra, de aproximadamente 15 m de lonxitude e 1 m de alto, no interior da parcela facendo escaleira, no lugar de Ribeira, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 201300000000701 de don José López Tato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun hórreo existente, consistente en cambiar o tellado colocando tella nova, situado en Neira de Arriba nº 12 , en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.6.- Instancia núm. 201300000000718 de don Manuel Cabo Silva.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para nivelar a eira da casa, nunha superficie aproximada de 50 m en Pousada de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Deberase cubrir a finca cunha capa de terra vexetal de maneira que non se modifique a estrutura orixinal do solo. Non se danarán os viais nin as gábeas. Levarase a cabo sen descalzar os muros de lindes ou ribazos, mantendo os noiros para evitar danos a lindes e non se modificará o sistema natural de drenaxe das augas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.



2.7.- Instancia núm. 201300000000732 de don Jesús López Mella

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a colocación de tubos na gábea para rampla de acceso á finca, de aproximadamente 5 m de lonxitude, no lugar de Ribeira.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións: Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discurrir das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400mm de diámetro; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel co vial de maneira que non sobresaia.

2º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre licenza de actividade para centro xestor de residuos en Feal -San Mamede de Ribadulla

Examinado o expediente núm.: 2013/U014/000002 promovido por Sapa, Contenedores y Servicios, representado por don Juan Seoane Albela, para licenza de actividade de *Centro Xestor de Residuos* en Feal -San Mamede de Ribadulla, sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta que se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no DOG núm. 59/13, do 25 de marzo, e no BOP núm. 44/13, do 5 de marzo, e téndose practicado notificación persoal aos veciños inmediatos ao lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou sobre a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de Sapa, Contenedores y Servicios, representado por don Juan Seoane Albela, para licenza de actividade de *Centro Xestor de Residuos* en Feal -San Mamede de Ribadulla, nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación achegada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspende o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental competente e a comunicación ao concello da emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental.



3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

4º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación definitiva de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2013.

4.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2013*, formados una vez rematada a súa exposición pública durante o prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 55, do 20/03/2013) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos e visto o informe favorable da Secretaría-Intervención emitido para o efecto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2013* -que comeza por Abel Souto, Mª Isabel e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 1.993 (mil novecentos noventa e tres).

Importe total do padrón: 153.390,15 € (cento cincuenta e tres mil trescentos noventa euros con quince céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día polo Pleno.

4.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2013*, formados una vez rematada a súa exposición pública durante o prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 55, do 20/03/2013) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos e visto o informe favorable da Secretaría-Intervención emitido para o efecto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2013* -que comeza por Adrio Nazar, Belén e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 402 (catrocentos dous).

Importe total do padrón: 14.097,00 € (catorce mil noventa e sete euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día polo Pleno.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descrición
120.599	Grafinova Artes Graficas	363,17 €	Impresión entradas Romaría 3ª Idade e dípticos exposición pintura Esperanza Lema
562.620.136.800.477	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	2.916,40 €	Produto para arranxo de pistas servido en maio
856	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	456,00 €	Xantar dos participantes na excursión da 3ª Idade a Outariz en maio con achegas dos participantes
2013-42	Ibernisha, S.L.	165,60 €	Entradas ás termas de Outariz (excursión 3ª Idade en maio)
V3-93	Vázquez Garzón, S.L.	1.391,50 €	Subministro de colector iglú de vidro de 3000 litros para substitución do sinistrado por vehículo particular (gasto cuberto polo seguro do vehículo)
30	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes maio
28-f381-737614	Telefónica Moviles España, S.A.	381,27 €	Fra. de xuño polos servizos de telefonía móbil
513/13	Gráfica de Asturias S.L.	234,70 €	Material de oficina subministrado en abril e maio
4.320.120.101.375	Espina & Delfín, SL	674,54 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 1T/2012
4.320.120.201.375	Espina & Delfín, SL	547,77 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 2T/2012
4.320.120.301.368	Espina & Delfín, SL	916,19 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 3T/2012
4.320.130.101.364	Espina & Delfín, SL	980,61 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 1T/2013
97.002.567	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	39,76 €	Fotocopias máquina planta baixa mes maio
VD 05/2013	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes maio
13/5	Freiria Suarez Jose Maria	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes maio
16/2013	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.	2.539,60 €	Asistencia técnica Parque Empresarial mes maio
5	Suarez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue de peregrinos mes maio
S13/065061	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscripción a <i>La Voz de Galicia</i> mes maio
24.418	Restaurante Villa Verde	127,16 €	Comida tribunal funcionarización auxiliar administrativo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



507	Acredores diversos	35,00 €	Entrada visita colectiva ao Pazo Ortigueira (Ruta do Viño 2013)
A-188	Servides-J.C. Barreiro Garcia	211,75 €	Servizo desratización e desinfección do CPI de Vedra en abril
13-612	Puente Ulla S.L.	1.702,42 €	Gasóleo e outros para camión recollida do lixo mes maio
13-613	Puente Ulla S.L.	65,03 €	Gasolina para maquinaria brigada verde mes maio
277-7/13 F	Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	325,57 €	Limpeza de fosa séptica de Tomonde
13-607	Puente Ulla S.L.	107,02 €	Gasóleo B para tractores municipais servido en maio
13-611	Puente Ulla S.L.	4,45 €	Carburante para tractor John Deere en maio
20.133.437	Dapp Publicaciones Juridicas, SL	126,00 €	Subscripción á base de datos <i>Tasas Municipales</i>
11/13	Curiel Ares Juan Alfonso	1.720,00 €	Actuación <i>Novas no Concello de Vedra</i> (Rede Cultural 2013 da Deputación)
14	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	140,60 €	Produtos servidos para Teatrofilia 2013
056/13	Montajes Electricos Vizcaino, S.L.	2.358,47 €	Mantemento alumeadado público mes maio
44.405	Comunicaciones Callwomen 3000, S.L.	100,21 €	Produtos para atencións en actividades culturais
120.652	Grafinova Artes Graficas	415,96 €	Revistas <i>Son para Mercar</i> (Feiravedra 2013)
120.649	Grafinova Artes Graficas	280,80 €	Plotters en cartón e laminados para Feiravedra 2013
120.650	Grafinova Artes Graficas	108,90 €	Carteis para o (III) Torneo de Fútbol base 2013
120.651	Grafinova Artes Graficas	466,75 €	Impresión boletín municipal mes maio
3322879/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscripción a <i>El Correo Gallego</i> mes xuño
89.461.030.002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal + na casa da 3ª Idade mes xuño
92.675.331	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes xuño
150202/13	Fegamp	212,16 €	Cota de socio ano 2013
305/6	Pazos y Vieiro, S.L.-FPV	185,60 €	Vestuario e outros para brigada de obras en maio
562.620.136.800.510	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	2.681,97 €	Produto para arranxo de pistas servido en maio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.583	Asvetrans, S. Coop. Galega	314,60 €	Viaxes de Probisa a Vedra en maio con produto para arranxo de pistas
D028268	Diario Oficial Galicia	65,04 €	Taxa publicación anuncio nomeamento de funcionaria
06/C-03/2013	Sánchez Lojo Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes xuño
A/1533	Aguardientes de Galicia, S.A.	139,03 €	Produtos para a promoción turística de Vedra
561	Museo do Pobo Galego	150,00 €	Recibo da cota de socio institucional ano 2013
2013/540	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	90,91 €	Notas simples e certificacións expedidas en maio para urbanismo (SAU e parcelas para Inventario)
013 00333	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	951,26 €	Servizos prestados no punto limpo mes maio
4.001.124.825	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	416,24 €	Servizo de franqueo pagado mes maio
14	Bar Timonel - Aboy Torres Marcelino	363,00 €	Alluguer de dúas carpas para a Festa do Viño 2013
33 4283	Ulla-Oil S. L.	1.248,00 €	Gasóleo B para tractores municipais servido en Trobe mes maio
33 4752	Ulla-Oil S. L.	1.385,56 €	Gasóleo B para tractores municipais servido en Trobe mes xuño
270.513	Club Bushi - Kai Santiago	471,90 €	Clases de karate mes maio
2013/037	Xestedec Comunicación	466,44 €	Impresión boletín municipal mes xuño
2013/035	Xestedec Comunicación	423,50 €	Servizos para a exposición de pintura Esperanza Lema
BBB00266	Ediciones Bolanda, S.L.	94,05 €	Biblioteca Básica Os Bolechas para a biblioteca municipal
2013/036	Xestedec Comunicación	1.209,46 €	Confección de bolsas <i>Concello de Vedra-En Vedra en Galego</i> para a promoción da lingua galega
A00158	Sociser Galicia, S.L.	5.273,75 €	Servizo asistencial a domicilio mes maio
A00159	Sociser Galicia, S.L.	10.566,54 €	Horas SAF dependencia mes maio
	Fernández García Patricia	50,00 €	Indemnización por impartir obradoiro de risoterapia para a 3ª Idade en xuño
	Santomil González José Ramón	459,20 €	Indemnización por impartir obradoiro de canto-coral para a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			3ª Idade meses xaneiro e febreiro 2013
	Membros do Tribunal cualificador proceso funcionarización praza Auxiliar Administrativo	913,10 €	Indemnizacións e quilometraxes polas reunións mantidas os días 23, 27 e 30 de maio de 2013
	Sevio Barrio Lucía	128,00 €	Quilometraxe meses marzo, abril e maio
	Carbia Cutrín Sonia	56,00 €	Quilometraxe mes maio
	Carbia Cutrín Sonia	345,12 €	Horas extraordinarias por atención do comedor do CEIP de Santa Cruz do 10 ao 31 de maio

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Aprobación prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizo de abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros e depuración do Concello de Vedra

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato do servizo de abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros e depuración do Concello de Vedra, mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

7º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social

7.1.- Escrito núm. 630/2013 de dona Jesusa Gómez Martínez.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita unha axuda económica para os desprazamentos por motivo de visitas médicas a consultas de especialistas en Santiago e para a cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un euros (#532,51#) en concepto de necesidades básicas e trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para gastos derivados de desprazamentos para visitas médicas.

7.2.- Escrito núm. 631/2013 de dona Isaura Lobato Albela.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Merín, solicita unha axuda económica para equipamento básico en vivenda e material bucodental.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un euros (#532,51#) en concepto de equipamento básico de vivenda



(conxelador) e trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para material buco-dental

7.3.- Escrito núm. 633/2013 de don Fernando M. García García.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita unha axuda económica para a cobertura de necesidades básicas e material oftalmolóxico.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) en concepto de necesidades básicas e douscentos setenta e nove euros con trinta céntimos (#279,30#) para material oftalmolóxico.

7.4.- Escrito núm. 632/2013 de dona Amavel Varela Rey.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda económica para asistencia a tratamento de rehabilitación de educación especial (logopedia) do seu fillo así como para a cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para gastos de tratamento de rehabilitación de educación especial do seu fillo e cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para a cobertura de necesidades básicas.

7.5.- Escrito núm. 782/13 de dona Lorena Carneiro Nogueiras.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda económica para a cobertura de necesidades básicas e pago de aluguer de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) en concepto de necesidades básicas e trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para gastos de aluguer da vivenda.

7.6.- Escrito núm. 634/2013 de don Luís Castiñeiras Martínez.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Trobe, solicita unha axuda económica para equipamento básico en vivenda e para a cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda concederlle en función do establecido na ordenanza reguladora do programa de axudas de emerxencia social, unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un euros (#532,51#) en concepto de equipamento básico de vivenda e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para a cobertura de necesidades básicas.

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de maio:

Nº Decreto	Data	Asunto
140	02/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Rocio C. Álvarez Inostroza
141	03/05/2013	Ampliación intensidade SAF a Herminda Iglesia Tato
142	03/05/2013	Incorporación SAF de María Uzal Enjamio
143	06/05/2013	Axudas fondo social persoal municipal 1º cuadrimestre 2013
144	06/05/2013	Modificación achega SAF de M ^a . Gloria C. Rey Álvarez
145	06/05/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Fernando Alonso Nodar
146	08/05/2013	Alta padrón fiscal taxa recollida de lixo de Carmen Pazos Fernández
147	08/05/2013	Alta padrón fiscal taxa recollida de lixo de Juan Carlos Alonso Nodar
148	08/05/2013	Cambio domicilio padrón de habitantes de Argimiro A. Gómez Herrmida
149	09/05/2013	Concesión permiso paternidade Gerardo Cerdeira Souto
150	09/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Nicolás García Martínez
151	09/05/2013	Licenza administrativa tenencia can perigoso a Adriana Boo Freiría
152	09/05/2013	Convenio con Editorial Compostela para publicidade
153	09/05/2013	Permiso festa Santísimo en San Andrés de Illobre
154	09/05/2013	Permiso festa Santísimo e San Xoán en Vedra
155	09/05/2013	Permiso XI Festa do Carneiro ao Espeto en San Xián de Sales
156	09/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Daniel Liste Martínez
157	09/05/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de M ^a . Graciela Torres Porto
158	10/05/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de José Luís Rivas Maseda
159	14/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Collazo Sánchez
160	14/05/2013	Cambio domicilio de Manuel Carrillo Tejo e fillo
161	14/05/2013	Modificación SAF de María Bao Iglesias
162	14/05/2013	Permiso festa do porco á brasa
163	15/05/2013	Cambio de domicilio padrón municipal de habitantes de Alberto Iglesias Simeao
164	15/05/2013	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda nº 2 de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Cimadevila -San Miguel
165	15/05/2013	Cambio titularidade recibos taxas lixo e sumidoiros vivenda nº 41 de Castro -Pte Ulla
166	16/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Álvaro Fernández Rúa
167	16/05/2013	Permiso festa arroz á mariñeira en Santa Cruz de Ribadulla
168	16/05/2013	Orde demolición piares construídos en Pousada de Abaixo
169	16/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Verónica Iglesias Fernández
170	20/05/2013	Redución SAF de Herminia Cao Mogo
171	21/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Marcos Couto Vázquez
172	21/05/2013	Incorporación SAF de Eladino López
173	23/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Raquel Rodríguez Baldonado
174	27/05/2013	Permiso fogos en Vedra, San Fins e Illobre
175	27/05/2013	Emenda erros cadro resumo prego cláusulas administrativas contrato mantemento alumado público (BOP núm. 105/13, do 4 de xuño)
176	28/05/2013	Designando a José R. Chas como asesor proba galego proceso funcionarización praza auxiliar administrativo
177	28/05/2013	Modificación intensidade SAF de José Quián Otero
178	28/05/2013	Permiso festa das flores en Santa Cruz
179	28/05/2013	Permiso festa do Escalo
180	29/05/2013	Alta vehículo Nissan matrícula 3663 HNG destinado a Protección civil e do Medio Ambiente no inventario municipal de bens
181	29/05/2013	Alta vehículo camión compactador Mercedes - Benz destinado ao servizo de recollida de lixo no inventario municipal de bens
182	29/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Brais Aldrey Tejo
183	30/05/2013	Ampliación SAF a Delmira Penide Mato
184	30/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de André Cerdeira Otero
185	30/05/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Kevin Sebastián Tamargo Doherty
186	31/05/2013	Proposta nomeamento Lidia Carpinteiro Quintás como funcionario do concello

A Xunta de Goberno dáse por informada.

9º.- Outros asuntos.

9.1.- Adxudicación contrato servizo xestión da piscina municipal.

Dáse conta da proposta presentada por Grupo Acofide, S.C, para a xestión da piscina municipal nesta tempada de verán (do 22 de xuño ao 31 de agosto), que inclúe



os seguintes servizos: limpeza inicial da piscina e instalacións; mantemento da mesma (limpeza, produtos para o tratamento da auga e control dos parámetros esixidos, analíticas mensuais da auga, control de entradas, servizo de cafetería, ...etc) así como a dotación do persoal (un socorrista e técnico en primeiros auxilios con titulación suficiente; un recepcionista para control de acceso á piscina e atención de cafetería e un técnico en mantemento para controlar o adecuado funcionamento e solucionar na medida que lle competa á empresa problemas que puidesen xurdir no vaso, sala de máquinas ou resto de instalacións). Ademais oferta como melloras unha festa de clausura na que se colocarán inchables acuáticos e música ambiente na piscina e un monitor durante 2 días/semana ata un máximo de 3 horas/día para impartir cursos de natación.

O Presuposto ofertado ascende á cantidade de sete mil novecentos dezasete euros (#7.917,00#) máis IVE (#1.662,57#) , a pagar en tres mensualidades de tres mil cento noventa e tres euros con dezanove céntimos (#3.193,19#).

A Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 111 , 138.3 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2001, do 14 de novembro, acorda:

Primeiro.- Levar a cabo o servizo de xestión e socorrismo da piscina municipal durante a tempada de verán do 2013, mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Grupo Acofide, S.C, con CIF J70026604 e domicilio social en Nande, 22 -San Fins de Sales, por un importe de sete mil novecentos dezasete euros (#7.917,00#) máis mil seiscientos sesenta e dous euros con cincuenta e sete céntimos. (#1.662,57#) de IVE.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á prestación do citado servizo con cargo á partida 341-227 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adxudicatario no prazo de dez días.

9.2.- Solicitud de subvencións varias.

9.2.1.- Solicitud á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de maio de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupación de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG núm. 103/13, do 31 de maio).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ao efecto.

2º.- Comprometerse a achegar a porcentaxe do orzamento que lle corresponda.

9.2.2.- Solicitud á Consellería de Traballo e Benestar

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 15 de maio de 2013, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG núm. 99/13, do 27 de maio).

Ao abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo o proxecto elaborado ao efecto.

9.3.- Achega do Concello á Festa da Camelia

A Xunta de Goberno acorda aprobar unha achega á Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla por importe de dous mil cincocentos (#2.500,00#) euros para premios da XIX Edición das Xornadas arredor da camelia.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e corenta e cinco minutos.